

CRITERIOS PARA A OFERTA DE CONTINUIDADE DOS MÁSTERES UNIVERSITARIOS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Acordo do Consello de Goberno, na súa sesión sesión do 17 de febreiro de 2010)

O artigo 37 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, na nova redacción dada pola Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modificou a anterior establece a estrutura das ensinanzas universitarias en tres ciclos: Grao, Máster e Doutoramento. O Real Decreto 1393/2007 do 29 de outubro desenvolve este artigo da LOU e adapta a estrutura das ensinanzas universitarias as directrices do Espazo Europeo de Educación Superior onde as ensinanzas de Máster corresponden ao segundo ciclo.

Por outra parte, o *Decreto 66/2007, do 29 de marzo, polo que se establece o procedemento de autorización para a implantación de estudos universitarios oficiais de posgrao* conducentes ao título de máster ou de doutor, fixa os requisitos que deberán reunir estes títulos para a súa autorización establecendo entre outros, ofertar un número mínimo de 20 prazas no caso dos másteres profesionais ou académico profesionais, e de 10 prazas para os de perfil académico investigador e doutoramentos. Este requisito reiterase no documento coas *Liñas Xerais para a implantación dos estudos de Grao e Posgrao do Sistema Universitario Galego* aprobado no pleno do 5 de novembro de 2007.

Ademais, a *Comisión de Titulacións do Claustro Universitario* da USC, na súa reunión do 9 de abril de 2008, aprobou os Criterios polos que deberán rexerse as novas titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior, indicando no punto IX. *Previsións de demanda mínima para que os planos de estudo de Máster Oficial poidan ser aprobados* que a proposta dun novo Máster deberá asegurar a demanda mínima esixida nas *Liñas Xerais do Consello Galego de Universidades* e que no caso dun Máster Universitario deberán cumprir un mínimo de requisitos de eficiencia, debendo xustificar que os recursos postos a disposición do Máster teñen correspondencia co número de estudantes previstos.

Ata o de agora ás titulacións de máster implantadas na USC non lles foron requiridos estes requisitos pois ata que non estivesen implantadas as novas titulacións de Grao non se podía realizar un deseño definitivo das titulacións de master en concordancia coas novas titulacións de grao nin tampouco facer estudos fiables de demanda en relación cos mestrados nin coñecer as necesidades de recursos docentes que as titulacións de máster suporían nos plans de organización docente dos departamentos, xa que todas as titulacións de máster aprobadas, agás o Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional e Ensino de Linguas, tiveron que realizarse cos recursos existentes.

No curso académico 2010-2011 non poderán ofertarse prazas de novo ingreso nos primeiros cursos das actuais titulacións de Licenciado, Diplomado, Enxeñeiro e Enxeñeiro Técnico, quedando implantados neste curso todas as titulacións de grao e máster consonte á nova estrutura definida no devandito decreto.

Verbo de todo o anterior, a partir deste curso deberá ter a mesma consideración a docencia impartida nos graos e nos máster aos efectos tanto da organización académica como da oferta docente, polo que é necesario establecer os requisitos mínimos que deberán cumprir as titulacións de máster respecto do mínimo de alumnos matriculados para manter a súa oferta e máis de como deberá computar no POD do Profesorado esta docencia, polo que o Consello de Goberno na súa reunión do 17 de febreiro de 2010 **ACORDOU**:

1.- Oferta de Continuidade dos Másteres

1.1 Todos os másteres que á data do 1 de outubro de cada curso académico non teñan un número de **alumnos matriculados igual ou superior a cinco (en primeira matrícula)** deberán retirarse da oferta docente anual da USC, agás no caso dos másteres interuniversitarios,. Corresponderá ao Consello de Goberno, logo dos informes da Comisión de Titulacións e do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, determinar a conveniencia ou non de que estes másteres sexan incluídos ou non na oferta da USC do curso ou cursos seguintes.

1.2 No caso dos **másteres cunha matrícula comprendida entre 5 e 9 alumnos**, corresponderá á Comisión Académica, previo informe favorable dos profesores implicados, e/ou dos departamentos afectados, decidir se procede continuar coa oferta do Máster. Neste caso a docencia do máster contabilizará no encargo docente do PDI aos efectos de certificación docente do POD, pero non contabilizará nas áreas de coñecemento aos efectos de xeración de novos recursos de PDI (prazas).

2.- Oferta de Continuidade dos Másteres Interuniversitarios

2.1 Os Másteres interuniversitarios regularanse polo convenio de colaboración correspondente. Neste convenio, ademais do que establece o RD 1393/2007, deberánse regular aspectos relativos á participación da USC e do seu PDI na súa docencia e ao número mínimo de alumnos que deberán estar matriculados na USC, en cada curso académico, para que o Máster poida impartirse.

2.2 As Comisións Académicas dos Másteres Interuniversitarios deberán adaptar os Convenios de Colaboración dos actuais másteres á normativa autonómica e da USC de tal xeito que esta adaptación sexa efectiva no curso 2011-2012. O Consello de Goberno terá en conta a proporción tanto do PDI pertencente á USC como de estudantes matriculados na USC sobre os totais respectivos en cada Máster.

3.- Oferta de Continuidade dos Másteres Interuniversitarios con Universidades Estranxeiras.

Cando a USC participe nun máster interuniversitario xunto cunha ou varias universidades estranxeiras corresponderá ao Consello de Goberno aprobar as condicións particulares que determinen a súa oferta.

4.- Das Escolas de Doutoramento.

Os másteres que, de ser o caso, se integren nunha Escola de Doutoramento rexeranse por esta normativa ata que o Consello de Goberno non aprrobe normas específicas para as citadas escolas.

5.- Da docencia nos Másteres.

5.1 A docencia dos másteres impartidos na USC contabilizará no POD do profesorado a tódolos efectos e nos termos que se establecen neste acordo.

5.2 Corresponderá ao Consello de Goberno da USC regular a participación do persoal que non pertencendo á USC participe nos másteres ofertados pola USC e a do persoal que pertencente á USC participa en másteres ofertados por outras universidades, tanto no caso de que sexan másteres únicos como conxuntos con noutras universidades (interuniversitarios).

Disposición adicional

A Vicerreitoría con competencias en oferta docente será a competente na interpretación deste acordo e na resolución das posibles excepcións, do que informará ao Consello de Goberno.